



## Concello de Baralla

---

### DECRETO ALCALDÍA

#### EFFECTOS EN TRIBUTOS E OUTROS INGRESOS PÚBLICOS COVID-19

O Consello de Ministros, reunido o 14 de marzo de 2020, aprobou o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Esta norma recolle nos artigos 9 e 10 a suspensión das actividades educativas así coma a suspensión da apertura ao público dos museos, arquivos, bibliotecas, monumentos, así como dos locais e establecementos nos que se desenvolvan espectáculos públicos, as actividades deportivas e de lecer".

No seu anexo, cuxo título literal é "Lista de equipos e actividades cuxa apertura ao público queda suspendida de acordo co establecido no artigo 10.3" determínanse cales son estes.

Para dar cumprimento á referida normativa, por esta alcaldía adoptáronse as seguintes medidas preventivas:

-O peche das seguintes instalacións municipais: Centro Sociocultural e Xuvenil, Pavillón Polideportivo e Punto de Atención á Infancia (PAI).

-A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, culturais, sociais e lúdicas impartidas desde o Concello, realizadas en todos os edificios públicos.

-A suspensión de actividades, cursos, talleres e similares que por parte asociacións, agrupacións, veciños/as etc se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais.

-A suspensión de todas as autorizacións municipais para eventos, feiras, charlas e coloquios. Suspendese a Feira Municipal do día 18 de marzo de 2020.

Tendo en conta que as autorizacións de uso de locais e espazos municipais, a realización de actividades e prestación de servizos, e o uso público de instalacións, que agora se atopa suspendido por causa do coronavirus, COVID-19, ben por decisión do concello ou doutras administracións de ámbito superior, en moitos casos están relacionados ou implican o pagamento de taxas ou prezos públicos establecidos polo concello, requiriuse informe da Secretaría-Intervención municipal ao respecto, así como a posibilidade de ampliar os efectos pretendidos sobre:

---

### Concello de Baralla





## Concello de Baralla

---

- as taxas por abastecemento domiciliario de auga potable
- a taxa por recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos de lixo
- a taxa pola prestación de servizos de depuración de augas residuais e sumidoiros

No referido informe da secretaria-interventora , conclúese o seguinte:

*"Primeiro.- Non procede esixir as taxas nin os prezos públicos que gravan as actividades ou servizos que presta o Concello de Baralla, durante o período no que aquelas non teñen lugar, como na actual situación de crise orixinada polo COVID-19.*

*No caso de que se produza o pagamento das taxas o prezos públicos, o Concello deberá devolver o seu importe, conforme aos artigos 26.3 e 46.2 do TRLRFL.*

*Segundo.- As taxas por abastecemento domiciliario de auga potable, recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos de lixo e pola prestación de servizos de depuración de augas residuais e sumidoiros, reguladas polo Concello de Baralla nas súas Ordenanzas Fiscais respectivas, resultan esixibles nos propios supostos contemplados nelas, aínda que atopémonos baixo os efectos do estado de alarma decretado polo Goberno mediante Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, pois gravan servizos de recepción obrigatoria polos contribuíntes.*

*Polo anterior, na actualidade non cabe dispensar da súa aplicación as situacións especialmente afectadas pola crise causada polo COVID-19 xa que ata o de agora as normas con rango de lei non o prevén nin, en consecuencia, as ordenanzas fiscais poden prevelo tampouco, ao precisar expresa habilitación da aquelas para facelo, conforme os artigos 9 e 12 do TRLRFL e as propias Ordenanzas Fiscais municipais.*

*Terceiro.- Sen prexuízo do anterior, afírmase que se ben os servizos de abastecemento domiciliario de auga potable , recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos de lixo e prestación de servizos de depuración de augas residuais e sumidoiros son de recepción obrigatoria polos contribuíntes, podendo, en condicións normais, facer uso ou non dos mesmos, na crise orixinada polo COVID-19 e no presente estado de alarma decretado, apréciase unha clara prohibición da Administración ao respecto do exercicio de gran parte das actividades económicas, polo que agora non actúa a vontade dos contribuíntes e sen embargo si resultan afectados por ditas taxas, circunstancia da que se informa ao Concello xa que supón un feito diferencial non contemplado na xurisprudencia contida no presente informe en relación á configuración dos servizos de recepción obrigatoria.*

*Cuarto.- A competencia para a adopción de medidas de suspensión relativas á recadación de taxas e prezos públicos referidos no informe corresponde ao Alcalde, conforme ao artigo 21.1. f) e m) da LRBRL."*

---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: ADYGZ72GWT5FKT3R34HAKAN | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



## Concello de Baralla

---

Por tanto, á vista do sinalado no informe da secretaria-interventora, e a vista ,que de facto, se está a producir unha situación semellante ás outras figuras tributarias e prezos públicos afectados, posto que a causa de que o servizo non se preste ou desenvolva aos afectados, ou máis ben, que non podan empregalo, non depende da súa vontade ou non é imputable aos suxeitos pasivos, senón a unha decisión da administración que llo impide.

No caso que nos ocupa, semella claro que determinados suxeitos pasivos non se atopan en disposición de poder utilizar os servizos por causas alleas á súa vontade, baseadas en decisións da administración, ao obrigarlles a pechar as súas instalacións, polo que hai un impedimento efectivo para realizar a actividade nos locais sobre os que descansa o feito impoñible destas taxas.

Así, poderíamos entender que mentres se manteña a situación derivada da declaración do estado de alarma, non ten lugar o feito impoñible que sustenta o cobramento das cotas correspondentes para os terceiros aos que se prohibiu expresamente desenvolver as súas actividades.

Visto todo canto antecede, considerando os seguintes fundamentos xurídicos aplicables:

- Artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se regula o feito impoñible das taxas establecidas polas entidades locais
- Artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e prezos públicos que sinala que “Procederá a devolución das taxas que se esixiron, cando non se realice o seu feito impoñible por causas non imputables ao suxeito pasivo”
- Artigo 26.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que “3. Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, o servizo público, a actividade administrativa ou o dereito á utilización ou aproveitamento do dominio público non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente”
- Artigo 46.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que “2. Cando por causas non imputables ao obrigado ao pago do prezo, o servizo ou a actividade non se preste ou desenvolva, procederá a devolución do importe correspondente”

Por todo o exposto, no exercicio das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire a esta Alcaldía en canto á dirección da política, o goberno e a administración municipal, adopción de decisións en situacións de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco e desenvolvemento da xestión económica de acordo co Orzamento aprobado, previstas na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia,

---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: ADYGZXT72GWTSFKT3R34HAKAN | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 5



## Concello de Baralla

---

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Recoñecer que se dan os supostos recollidos nos artigos 26.3 e 46.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e por tanto non procede esixir as taxas e/ou prezos públicos que gravan as actividades ou servizos que presta o Concello de Baralla, , que se devindiquen entre o 13/03/2020 e o momento en que se produza o levantamento das suspensións impostas pola declaración de estado de alarma, para as seguintes figuras e supostos:

- Prezo público pola prestación do servizo do Punto de Atención á Infancia (PAI).
- Prezo público pola prestación de servizos culturais e de lecer.
- Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar, para aqueles usuarios para os que lles foi suspendido o servizo.

**SEGUNDO.-** Recoñecer que non ten lugar o feito impositivo que se recolle no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e por tanto, segundo o artigo 12 da Lei 8/1989, de 13 de abril, non procede esixir ou procede devolver no seu caso as taxas que gravan as actividades ou servizos que presta o Concello de Baralla que se devindiquen entre o 13/03/2020 e o momento en que se produza o levantamento das suspensións impostas pola declaración de estado de alarma, para as seguintes figuras e supostos:

- Taxa por recollida e tratamento dos residuos sólidos urbanos de lixo. Afectará ás actividades suspendidas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e/ou resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Neste caso será precisa solicitude previa dos interesados que se presentará nas oficinas municipais ou ben telematicamente, unha vez levantado o estado de alarma, e acreditarase mediante a presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás actividades suspendidas.

No suposto de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederase á devolución correspondente.

- Taxa por abastecemento domiciliario de auga potable. Afectará ás actividades suspendidas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e/ou resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Neste caso será precisa solicitude previa dos interesados que se presentará nas oficinas municipais ou ben telematicamente, unha vez levantado o estado de alarma, e acreditarase mediante a presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás

---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: ADYGZ772GWTSFKT3R34HAKAN | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



## Concello de Baralla

---

actividades suspendidas.

Comprobarase ademais de oficio, se é posible tecnicamente, que non existen consumos nos prazos sinalados, o que impediría a aplicación do disposto no presente apartado.

No suposto de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederase á devolución correspondente.

- Taxa pola prestación de servizos de depuración de augas residuais e sumidoiros . Afectará ás actividades suspendidas polo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo e/ou resolución do 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Neste caso será precisa solicitude previa dos interesados, que se presentará nas oficinas municipais ou ben telematicamente, unha vez levantado o estado de alarma, e acreditarase mediante a presentación da declaración censal ou certificado da AEAT do IAE da anualidade do 2020, cuxo epígrafe se axuste ás actividades suspendidas.

Comprobarase ademais de oficio, se é posible tecnicamente, que non existen consumos nos prazos sinalados, o que impediría a aplicación do disposto no presente apartado.

No suposto de que as solicitudes se presenten con posterioridade ao fin do prazo de pagamento e xa se tivera producido este, procederase á devolución correspondente.

**TERCEIRO.-** Dar publicidade do presente acordo para xeral coñecemento ao pleno da corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Miguel González Piñeiro.

Pola secretaría tómase razón para a súa transcripción no Libro de Resolucións aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade.

---

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221



Cod. Validación: ADYGZ72GWT5FKT3R34HAKAN | Corrección: <https://baralla.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5